

ANUNCIO

RESOLUCIÓN CONCESIÓN XXXV PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2022

EXPEDIENTE: 2022/A002/000002

ASUNTO: CONVOCATORIA XXXV PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2022

TRÁMITE: ANUNCIO RESOLUCIÓN CONCESIÓN XXXV PREMIO DE POESÍA EUSEBIO LORENZO BALEIRÓN 2022

O 07 de decembro de 2022 o alcalde do concello de Dodro ditou a resolución número 601/2022, que se transcribe:

"Logo de ver as Bases de participación e da convocatoria do XXXV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2022, aprobadas na sesión ordinaria da Xunta do Goberno Local o martes 24 de maio de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 104, do xoves 2 de xuño de 2022.

Logo de ver a acta de avaliación de candidaturas e proposta do xurado en favor de Brenda González Fernández DNI 342***53T, autora de "Neve", emitida e asinada polo xurado o sábado 19 de novembro de 2022, ás 12.30 horas, na Casa da Cultura de Dodro.

Logo de ver que con data 23/11/2022 emitíuse informe-proposta polo órgano instructor, Concelleiro de Cultura e Patrimonio, e a funcionaria municipal A.M.R.D., no que se da conta do cumprimento das condicións e requisitos establecidos nas Bases de participación e convocatoria do XXXV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2022, así como do disposto no artigo 88.3 do R.D. 887/2006 de 21 de xullo.

Emitido informe de fiscalización por Secretaría-intervención.

Considerando que corresponde a competencia á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía efectuada mediante Resolución núm. 65/2021 de 04/05/2021 (BOP núm. 88 do 12/05/2021) así como o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avogación de competencias delegadas por motivos de urxencia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía núm. 65/2021 de conformidade co disposto no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Conceder o XXXV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 2022 a Brenda González Fernández DNI ***840***, en calidade de autora do poemario gañador titulado "Neve", dotado con 2.500,00 euros e coa publicación do libro de poemas galardoado dentro do ano 2023, nunha editorial de recoñecido prestixio, dos que a gañadora recibirá gratuitamente 25 exemplares.

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polo importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334/48000.

CUARTO.- Efectuar as publicacións correspondentes a este procedemento na Base de Datos Nacional de Subvencións e/ou no BOP.

QUINTO.- Notificar a presente resolución da concesión dos premios a través da publicación na



PREMIO DE POESÍA

Eusebio Lorenzo Baleirón

Concello de Dodro

páxina web do Concello.

SEXTO.- Ordenar o pago das obrigas expostas, de conformidade co disposto nos artigos 186 e 187 do Texto refundido da Lei reguladoras das facendas locais.

SÉTIMO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

Documento asinado dixitalmente O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.

A secretaria-interventora que da fe."

O que se publica aos efectos oportunos

Documento asinado dixitalmente

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís.



PREMIO DE POESÍA

Eusebio Lorenzo Baleirón

Concello de Dodro